



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BETANZOS E A “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER”, PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DO 2022

EXP.: 2023/A007/000005

REUNIDOS

Dunha parte, dona María Barral Varela, DNI núm. 79311249G, alcaldesa do Concello de Betanzos, en nome e representación do concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Manuel Aguilar López, DNI núm. 15922727B, na súa calidade de representante legal da “Asociación Española Contra el Cáncer”, con CIF nº G28197564, con domicilio na cidade da Coruña, Rúa Real nº1 - 1º, en nome e representación da dita entidade.

MANIFESTAN

- I. Que o Concello de Betanzos, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, LXS) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG), pode conceder de forma directa, as subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal.
- II. Que ambas partes teñen plena capacidade e lexitimidade para formalizar este convenio.
- III. Que o obxectivo deste convenio é colaborar coa “Asociación Española Contra el Cáncer”, para o mantemento dos servizos e actividades desenroladas no ano 2022.
- IV. Que a entidade beneficiaria arriba referenciada ten como obxecto social a loita contra o cancro en tódalas posibles modalidades coñecidas, ou que no futuro se coñezan, mediante o desenvolvemento de funcións e de actividades de divulgación, de prevención, de investigación, de formación e de carácter sanitario ou asistencial. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Asociación poñerá en práctica cantos medios considere axeitados e, entre eles, sen que o seu sinalamento teña carácter limitado, os seguintes:
 - Establecemento de servizos para a prevención, a investigación da enfermidade e o mellor tratamento e coidado dos afectados por ela.
 - Promoción de campañas de publicidade nos medios de comunicación social e nos máis específicos dirixidos a profesionais que faciliten a acertada prevención e a loita contra o cancro.
 - Realización de campañas de divulgación sobre a necesidade de cooperar na loita contra o cancro e de prestar a este empeño á colaboración persoal e á axuda económica por parte de tódolos cidadáns.
 - Organización de cursos de formación, conferencias, reunións, exposicións e coloquios, así como a utilización dos medios de comunicación social en xeral para o desenvolvemento e a divulgación de cantos coñecementos deben posuír tódolos cidadáns en canto incumbe ao risco de cancro, a súa prevención e á loita contra esta enfermidade.
 - Financiamento dos medios e obtención dos recursos necesarios para a realización dos obxectivos.
 - Protección, asistencia ou integración social da infancia, da xuventude, da terceira idade, de persoas con minusvalías físicas causadas polo cancro e de persoas con enfermidades tumorais en fase terminal.
- V. Que ante o interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar e asinar este convenio de colaboración que se axustará ás seguintes:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2 a) da LXS, (artigo 19.4 a) LSG) establece que poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

SEGUNDA. OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración para a concesión dunha subvención nominativa por parte do Concello de Betanzos á “Asociación Española Contra el Cáncer”, para o financiamento do seu funcionamento e das actividades efectuadas pola asociación durante o ano 2022, sendo éstas:

- Apoio emocional a persoas con cancro e as súas familias.
- Educación para a Saúde dirixido á poboación en xeral.

Os gastos de funcionamento comprenderían tanto gastos de persoal como outros de gasto corrente, sen prexuízo doutros gastos ocasionados no desenvolvemento de distintas actividades.

“AS ACTIVIDADES DA AECC NO CONCELLO DE BETANZOS

O proxecto no Concello de Betanzos, actúa en dous ámbitos:

1. *Apoio emocional a persoas con cancro e as súas familias.*
2. *Educación para a Saúde dirixido a poboación en xeral.*

1. Apoio emocional a persoas con cancro e as súas familias

Tendo en conta os datos achegados por numerosos estudos ao longo das últimas décadas, polo menos unha cuarta parte dos pacientes de cancro necesitan apoio psicolóxico. As intervencións psicolóxicas pretenden responder as necesidades psicolóxicas que presentan os pacientes e familiares nas diferentes fases da enfermidade: diagnóstico, tratamento, supervivencia, recidiva, enfermidade avanzada e terminal e duelo. Para cada unha destas fases describíronse numerosos problemas psicosociais e necesidades de adaptación en pacientes e familiares. Aínda tendo en conta dita variabilidade destácase un obxectivo común que é manter ou recuperar a calidade de vida (a nivel de sintomatoloxía física, emocional, hábitos cotiáns, familiar e social) que está a ser afectada pola enfermidade e os tratamentos. (Font, 2000).

Os obxectivos que busca a intervención psicolóxica son:

- *Axudar aos enfermos de cancro e familiares na resolución de problemas e no afrontamento de situacións difíciles, facilitando a adaptación á mesma e favorecendo que a persoa poida manter ou recuperar a calidade de vida que poida resultar alterada pola enfermidade e/ou o seu tratamento.*
- *Aliviar ou resolver os trastornos psicolóxicos e/ou as alteracións cognitivas, conductuais, emocionais que poden xurdir ao longo de todo o proceso da enfermidade oncolóxica.*

Poboación beneficiaria:

Pacientes de cancro e os seus familiares con independencia da fase da enfermidade na que se atopen que presentan problemas relacionados co procesamento da información sobre a súa enfermidade e os tratamentos, manexo de reaccións emocionais asociadas ao proceso de enfermidade, solicitude de información sobre recursos de axuda. Inclúense familiares en duelo.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

A Asociación Española Contra o Cancro no seu traballo de tentar estar máis preto das persoas que necesitan este servizo e que non poidan desprazarse ás nosas sedes de maneira presencial, ofrece a posibilidade de realizar a atención psicolóxica de maneira non presencial: vídeo-consulta e atención telefónica, ambos son gratuítos na súa totalidade. Forzados pola situación que nos tocou vivir nos últimos meses, a asociación non se parou e dentro do seu Plan de Continxencia contra o coronavirus: promoveu e potenciou cambios na atención que presta tanto aos pacientes como aos familiares.

Queremos aproveitar as novas canles de comunicación implementados na entidade para estar máis preto das persoas, sabemos que atendemos a usuarios que poden ser ou son poboación de risco #ante o Covid 19, pero non podemos permitir que os pacientes non reciban o servizo ou apoio psicolóxico que precisan por temor a realizar desprazamentos.

Obxectivo da actividade:

Ofrecer o servizo de psicoloxía a través das canles non presenciais.

Indicadores de avaliación:

- Número de usuarios que solicitan o servizo
- Número de usuarios que acceden ao servizo
- Número de sesións que se realizan
- Satisfacción coa actividade

2. Educación para a Saúde dirixido a poboación en xeral: Campañas de Prevención

Sete de cada dez cancros pódense previr cun estilo de vida saudable. Por iso son fundamentais as campañas dirixidas a previr os malos hábitos.

A Delegación Local de Betanzos, subiuse ao reto de concienciar á poboación do Concello en Hábitos de Vida Saudables por elo ao longo deste ano en cumprimento das medidas de prevención e protección fronte ao Covid non temos prevista ningunha charla presencial ata que a situación mellore pero durante todo o ano iremos difundindo a través das nosas Redes Sociais, listas de distribución e grupos de WhatsApp diversas pílulas con consellos útiles sobre alimentación, exercicio físico, coidado persoal, etc.

Sempre que a situación sanitaria o permita, pretendemos facer unha andaina solidaria, "Betanzos en marcha contra o cancro".

Seguiremos coa distribución de material informativo sobre prevención en lugares de interese do concello, e sempre que sexa posible sairemos á rúa coas nosas mesas informativas para achegar esa información a todos os veciños e veciñas do concello.

Día Mundial do Cancro: 4 de Febreiro.

Concienciación da importancia de adquirir hábitos de vida saudable e a importancia da alimentación na prevención da enfermidade.

En 2022 temos previsto concienciar sobre a importancia da equidade e a realidade na que os pacientes con cancro atópanse baixo o lema "Non todos somos iguais fronte ao cancro"

Prevención Cancro de Colon: Campaña Cribado de Cancro de Colon

O cancro de colon é o cancro máis frecuente no noso país con 32.000 novos casos cada ano, 600 novos diagnósticos cada semana, que afectan tanto a homes como a mulleres.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

Este cancro pode aparecer sen presentar ningún tipo de síntoma, pero existe unha nova proba coa que cunha simple mostra de feces é posible detectar o cancro de colon incluso antes de que se de a enfermidade.

Debido á situación actual moitas persoas deixaron de asistir aos cribados e ás probas de prevención e a nosa intención é traballar para que a xente volva priorizar a importancia deste tipo de probas e os beneficios que para a súa saúde poden ofrecer.

Día Mundial sen tabaco, 31 de maio

O tabaquismo é a primeira causa evitable de morte nos países desenrolados. E é que hai moitos lugares que deberían ser libres de fume para deixar de ter datos coma que case o 100% dos espazos onde hai menores teñen restos de fume do tabaco ou que 9 de cada 10 fumadores fuma diante dos menores.

Nosos esforzos do 2022 van dirixidos a conseguir “Espazos sen Fume” no Concello, parques infantís, espazos de exercicio, rutas saudables loitando por unha xeración libre de fume.

Campaña solar: Prevención Cancro de Pel

Os cancros de pel son os máis frecuentes, por iso para nós son fundamentais as campañas e programas de concienciación dos riscos da exposición solar sen protección. O obxectivo é un cambio de actitudes e crenzas relativas á protección solar non só en praias senón tamén nas actividades como hortos, paseos ou andainas.

Día Mundial da Investigación contra o cancro, 24 de setembro

Só a investigación aumenta a supervivencia no cancro, pero non todas as persoas teñen o mesmo acceso aos resultados da investigación, fundamentalmente porque non se destinan os mesmos recursos á investigación sobre todos os tipos de cancro. Por iso no mes de setembro realízase a campaña de apoio social á investigación contra o cancro.

Campaña Día Mundial contra o cancro de mama, 19 de outubro

O diagnóstico precoz é unha das medidas máis importantes para controlar o cancro. Este é o gran reto: poder detecta-lo a tempo para acceder ao tratamento rapidamente e cura-la enfermidade. Con este propósito, entorno ao 19 de outubro, realízase a campaña de sensibilización social onde poñer o foco na importancia da investigación para seguir avanzando na loita contra deste e calquera outro tipo de cancro.”

O período de vixencia do presente convenio abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 29 de decembro de 2023 (último día hábil do ano), aínda que o obxecto da subvención refírase a gastos correspondentes ao exercicio 2022.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Betanzos comprométese a destinar a cantidade máxima de 3.000,00 euros no orzamento do ano 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 231.482.00. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que orixine a realización das actividades sinaladas no proxecto presentado pola “Asociación Española Contra el Cáncer”.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 3.000,00 euros, realizadas dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- d) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- e) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro. Non obstante, mediante a firma do presente convenio a "Asociación Española Contra el Cáncer" autoriza ao Concello de Betanzos a realizar as comprobacións oportunas ante as citadas administracións, de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- f) Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da LXS (art. 10.2 LSG).
- g) Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- a) Haber levado a cabo a totalidade das actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención (ao ser con efectos retroactivos para as actividades do ano 2022).
- b) Lucir o logotipo do Concello de Betanzos e facer constar a cooperación do concello en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- c) A "Asociación Española Contra el Cáncer" asume as obrigas derivadas da promoción e dinamización das actividades.
- d) Cumprir coas obrigas que se establecen nas bases de execución do orzamento do 2023 do Concello de Betanzos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento do importe total do convenio farase no momento no que se xustifique debidamente o cumprimento total da finalidade do presente convenio.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario.

O beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo no prazo de tres meses dende que se firme o convenio e como data límite o 29 de decembro de 2023 (último día hábil do ano).

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades. Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Betanzos en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, vídeos, CD's, etc).
- b) Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- c) Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- d) Orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente (orixinais ou fotocopias cotexadas). Así como xuntar a xustificación do pagamento dos devanditos gastos.
- e) Declaración xurada ou certificacións (artigo 24 Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións; en diante RLXS) de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro. No caso de que se autorice ao Concello, éste efectuará esta comprobación de oficio.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito no mesmo prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que levará a perda do dereito de cobro da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante acordo do órgano competente acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

DÉCIMA. COMISIÓN SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre do mesmo. Esta Comisión estará composta en representación do Concello de Betanzos polo/a concelleiro/a delegado/a da área (quen poderá delegar no funcionario dese área que estime oportuno), e pola outra parte o representante legal da entidade ou persoa na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

UNDÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seg. da LXS e artigos 41 e seg. da LSG, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

O reintegro da subvención procede e regúlase segundo o recollido nos artigos 37 e seg. da LXS (artigos 32 a 40 da LSG) e o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos.

Con respecto ao réxime de infraccións e sancións, éste aparece regulado no título IV da LXS e LSG. Sendo o procedemento sancionador regulado no título IV do RLXS e título VI do "Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvencións de Galicia." Sendo reguladas no artigo 13 a 18 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos, as infraccións e sancións.

DUODÉCIMA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

DÉCIMO TERCEIRA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase suplementoriamente a LXS, o RLXS, a LSG e as Bases de execución do orzamento do ano 2023.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio.

A Alcaldesa

O representante do ente beneficiario

Asdo.: María Barral Varela

Asdo.: Manuel Aguilar López